
Maria Aldina Marques e Xosé Manuel Sánchez Rei (eds.), *Estudos atuais de linguística galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Laiovento, 2019, 332 páxinas.

Data de recepción: 17/09/2019 | Data de aceptación: 02/12/2019

Anos de traballo conxunto entre a Área de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña e o Departamento de Estudos Portugueses e Lusófonos da Universidade do Minho propician un percurso filolóxico común que devén na selección de contributos reunidos en *Estudos atuais de linguística galego-portuguesa*. A esta obra habería que acrecentar, igualmente, *Novas perspectivas linguísticas no espaço galego-português* (2015) e *As Ciências da Linguagem no espaço galego-português* (2016), publicados todos eles coa vontade de abranxer estudos realizados en ambas as marxes do río Miño. A respecto dos seus organizadores, Maria Aldina Marques e Xosé Manuel Sánchez Rei, profesores universitarios cuxos ámbitos preferentes de investigación son os estudos gramaticais actuais, dan a coñecer unha serie de textos que foca cuestións de diversa índole.

Os títulos responden, como se poderá comprobar, aos diversos ámbitos da filoloxía, isto é, as análises de determinados espazos comunicativos, os estudos sociolingüísticos ou a crítica textual. Aínda que cada traballo é singular en si propio, a finalidade do volume é fornecer ao público lector novas achegas que se establecen no campo para contribuíren no avance do coñecemento científico. A súa actualidade non é óbice, con todo, para que algúns dos traballos que se presentan sexan de carácter diacrónico. Repárese en “Concorrenza, rivalidade e alotropía dos sufixos nominais no galego medieval”, artigo que inaugura o libro e onde Xoán López Viñas analiza unha serie de sufixos nominais nocionais en que se produce a concorrenza funcional e semántica, en relación cunha serie de textos abranxentes da Idade Media. O seu estudo permite observarmos os procesos e as mudanzas que interveñen na formación de palabras, ben como a súa produtividade. O feito de se rexistraren diferentes afixos para expresaren as mesmas funcións e significados deu lugar a unha confluencia sufixal nomeadamente observábel nos sufixos formadores de nomes cuxa rivalidade non é posíbel ao partillaren contexto semántico e funcional.

Por súa vez, o segundo dos traballos, que se inxire no proxecto de investigación *Edición crítica dixital das cantigas de amor*, é da autoría de Manuel Ferreiro e intitúlase “Arredor da segmentación intraversal da copulativa e nas cantigas

trobadorescas galego-portuguesas”. Nel, o autor da *Gramática histórica galega* (1999) vén a confirmar a importancia da actuación do editor en manuscritos medievais a respecto da segmentación da conxunción copulativa *e*. Certo é que unha das operacións ecdóticas que determina o bo traballo do editor é o seu enfrontamento coas cadeas gráficas das cantigas galego-portuguesas. A variada casuística condiciona a actuación segmentativa que pode ser transcendente para superar as dificultades editoriais dos manuscritos “por veces inzados de erros que son produto dunha transmisión problemática” (p. 51).

De igual modo, resultan interesantes as referencias aos “gallegos” compiladas en paremias castelás. Alexandre Peres Vigo centra a súa liña de investigación no estudo da caracterización galega existente na Castela da primeira metade do século XVI en “O estereotipo antigalego cincocentista a través da obra paremiolóxica de Hernán Núñez de Toledo *Los Refranes o Proverbios en Romance* (1555)”. Predominando un forte carácter vexatorio, a poboación galega represéntase como “miserables falantes dun idioma estraño e confuso” e caracterízanse como xente “ávida, violenta, aleivosa, cobizosa, falsa” (p. 80). Así se desprende a ben documentada galaicofobia reflectida ao longo da literatura española moderna. Estas paremias constitúen un testemuño antigalego erguido tanto por factores antropolóxicos, isto é, o intenso castelanocentrismo da sociedade, como políticos, desenvolvidos pola campaña de desprestixio social do rexio cenáculo da coroa de Castela co fin de lexitimar as súas accións políticas e militares no reino da Galiza a finais do século XV.

Saltando unhas centurias cara adiante e deixando atrás a sociolingüística histórica, Xosé Ramón Freixeiro Mato, autor da *Gramática da lingua galega* (2006), preséntanos un bocexo do código lingüístico epistolar entre eruditos galegos e os seus correspondentes portugueses, Eugénio de Castro e Teixeira de Pascoaes, en “Unha aproximación á lingua das relacións epistolares entre a intelectualidade galega e portuguesa na primeira parte do século XX”. Unha das cousas que máis chama a atención, canto ao primeiro epistolario, é a presenza do español como lingua vehicular, para alén dalgunhas proclamas acerca da proximidade lingüístico-cultural entre ambos os países. Ora, o feito de apareceren as Irmandades da Fala en 1916, fixo que na intelectualidade galega primase o uso do galego, como se pode observar no epistolario con Teixeira de Pascoaes. Máis unha vez, a relevante presenza do español partilla espazo con algúns intentos de escribir na norma portuguesa entre aqueles eruditos galegos cunha adscripción ideolóxica ao nacionalismo galego.

Doutra parte, segundo Xosé Manuel Sánchez Rei, a sintaxe é a “disciplina que se podería considerar como o esqueleto dunha lingua” (p. 142). Partindo desta premisa,

o traballo deste autor, intitulado “As motivacións da sintaxe na docencia” pon de manifesto a centralidade e a relevancia da sintaxe a respecto doutras disciplinas premiadas no ensino medio, como é o caso da morfoloxía. Vírase, pois, fundamental, indagar sobre a utilidade da sintaxe nas aulas de gramática. Neste sentido, Sánchez rei presenta diversas hipóteses que permiten reflectirmos sobre a actividade docente, tales como a relación que se establece entre as unidades e as funcións, a análise da orde dos elementos e os vínculos de (inter)dependencia que manteñen entre si, a disposición dunha estruturación interna e o confronto entre aquelas construcións dúbidasas de seren “linguaxe normal” e/ou estandarizada.

Tamén en termos educativos, o artigo “Dificultades de adquisición do género em Alemão L2”. Um estudo experimental” de Cristina Flores en coautoría con Joana Matos, Telma Moreira e Duarte Oliveira, trata da competencia lingüística dun grupo de estudantes que escolleu o alemán como segunda lingua estranxeira no ensino secundario. A finalidade deste traballo é observar a adquisición e o desenvolvemento da categoría gramatical ‘xénero’ neste grupo de falantes. E, como se torna obvio deducir, os resultados do estudo confirman que o xénero gramatical é, *de facto*, un dominio vulnerábel no proceso de aprendizaxe do alemán como L2.

De parecido xeito, para examinarmos como Mário Soares se dirixe ao pobo portugués en actos conmemorativos da “Revolução dos Cravos”, debemos recorrer ao traballo de Rui Ramos, que recibe o nome de “Discursos do Presidente Mário Soares nas comemorações do 25 de Abril (1986-1995)”. Para tal propósito, o autor fai un exercicio de explicitación das súas propias expectativas acerca da organización textual dos obxectivos pragmáticos e da construción dos obxectos que fundamentan os discursos do expresidente luso. O estudo discursivo faise baixo unha análise cualitativa que permite procurar isotopías dominantes e mecanismos discursivos que constrúan un *ethos* que valide os macroactos ilocutivos. Así pois, un dos trazos que se salientan é, por exemplo, que a modalidade deóntica e os actos ilocutivos de cada un dos discursos se fundamentan e se xustifican nos valores que se quere proxectar na sociedade portuguesa.

A seguir, Maria Aldina Marques e Isabel Margarida Duarte fan un estudo sobre “Lá em sequências narrativas orais”, onde amosan os valores que pode presentar esta partícula en diferentes secuencias narrativas incluídas en interlocucións orais informais. De tal maneira que sexa observábel “o valor mais prototípico da déixis a outro que implícita que os comportamentos narrados são os previsíveis na situação em causa”. Antes de máis, convén salientarmos que as autoras analizan tanto os usos deícticos como os non deícticos e a estrutura das narrativas conversacionais e as ocorrencias, se ben que é certo que deixan a porta aberta a continuaren as pesquisas e a ampliaren o corpus para confirmaren os valores achados.

No tocante á lingua en relación coas novas tecnoloxías, Estefanía Mosquera Castro contribúe novamente a este campo co traballo intitulado “A grafía como principal estratexia compensatoria da voz na comunicación electrónica: das SMS ao Whatsapp”. Na actualidade, vira fundamental reflectirmos sobre as mudanzas lingüísticas que provoca a revolución tecnolóxica e esta autora analiza a expresividade a través de recursos fónicos graficamente chamativos, como a escrita grafo-fonética, o dialecto visual, os estiramentos gráficos, as onomatopeas, a puntuación expresiva ou o uso das maiúsculas, sendo a grafía unha estratexia compensatoria do corpo para os usuarios destas tipoloxías textuais. Neste sentido, chámase a atención para este fenómeno non ser entendido como algo negativo que atenta contra a normativización da lingua, mais como “unha mostra da vitalidade e da funcionalidade das linguas” (p. 259).

Por súa vez, os dous últimos traballos están dedicados ao espectro cromático. Por unha banda, o artigo de José Teixeira, “Significado e cores de nove provérbios portugueses sem cor”, demostra que o procesamento cognitivo das cores non é aleatorio na interpretación lingüística. Para levar a cabo tal estudo, realizouse unha serie de inquéritos que tiña como obxectivo principal percibir até que punto se recorre sistematicamente a ligazóns sinestésicas de cores ao significado lingüístico. A investigación feita por este autor vén a probar que a sistematicidade que se produce entre determinados valores culturais e perceptivos e a asimilación semántico-cognitiva das cores.

Por outra banda, o artigo que pon o ramo a este libro é “As cores en galego: as laranxas e as violetas pertencen só ao mundo vexetal” de Paula Teixeira Moláns. Desde os anos 70, o confronto académico entre o universalismo e o relativismo lingüístico, converteuse nun campo de batalla que afecta a extensión semántica das cores, xa que é cuestionábel que o concepto cor sexa unha noción universal. Porén, o galego estaría enmarcado dentro desa universalidade ao ter, polo menos, nove cores básicas. Con todo, os resultados do estudo demostran a desaparición de certo vocabulario específico para campos semánticos concretos que está ligado ao desenvolvemento dun maior número de termos de cor xenéricos. Nótese, asemade, que este comportamento non responde a forzas endóxenas do galego, mais é o resultado da exposición a outros sistemas lingüísticos

Estas son, *grosso modo*, as liñas xerais que definen cada un dos contributos que compoñen *Estudos atuais de linguística galego-portuguesa*, obra que se erixe como un selección de artigos de índole diversa que abranxe desde estudos de carácter diacrónico até os novos contextos comunicativos, pasando pola ecdótica textual ou a sociolingüística. Ao mesmo tempo, trátase dunha miscelánea enriquecedora que recolle nunha mesma obra as principais liñas de investigación que se levan acabo

nas dúas marxes do río Miño, particularmeme na UDC e na UMINHO, ofrecendo ao público lector interesado unha panorámica xeral sobre os estudos actuais no campo da filoloxía galega-portuguesa.

Noemí García Rodríguez

Referencias bibliográficas

- Aldina Marques, Maria & Sánchez Rei, Xosé Manuel (eds.) (2015). *Novas perspectivas lingüísticas no espaço galego-português*. Monografía 10 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel & Aldina Marques, Maria (orgs.) (2016). *As Ciências da Linguagem no espaço galego-português. Diversidade e Convergência*. Braga: Instituto de Letras e Ciências Humanas da Universidade do Minho / Edições Humus.
- Ferreiro, Manuel (1999) [1995-1997]. *Gramática histórica galega*. Vol. I. *Fonética e Morfosintaxe*. Vol. II. *Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006) [1998-2003]. *Gramática da lingua galega*. Vol. I. *Fonética e Fonoloxía*. Vol. II. *Morfosintaxe*. Vol. III. *Semántica*. Vol. IV. *Gramática do Texto*. Vigo: A Nosa Terra.